

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027332	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	10
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	13
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	15

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

EDUCACIÓN INFANTIL

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Co fin de dotar a cada alumna ou alumno das ferramentas imprescindibles para que desenvolvan un proxecto de vida persoal, social e profesional satisfactorio, a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:
 - Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
 - Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
 - Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos so-ciais cos que se relacionan.
 - Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
 - Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
 - Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
 - Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
 - Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
 - Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
 - Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
 - Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
 - Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
 - Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
 - Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

EDUCACIÓN INFANTIL

- Carácter transversal: Adquírense coas aprendizaxes das distintas áreas, favorecendo o enfoque globalizado propio da etapa.

- Condicionado polas formas de comprender a realidade en cada momento da etapa.

- Reflectidas nos elementos curriculares e principios pedagóxicos: (1) desenvolvemento integral das nenas e dos nenos, (2) práctica educativa baseada na experimentación e no xogo, (3) experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

- Potenciar intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e nas e coas persoas adultas, para favorecer a aparición de expresión de necesidades, vivencias, e emocións e sentimentos.

- Gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través de rimas, ladaíñas, adiviñas e contos.

CP-Competencia plurilingüe.

- Fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

- Iniciarse nas destrezas lóxico-matemáticas cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.

- Observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima.

- Iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables.

- Fomentar habilidades numéricas básicas, manipulación de obxectos e comprobación de fenómenos naturais.

CD-Competencia dixital.

- Iniciar o proceso de alfabetización dixital: acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais.

- Promover o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

- Iniciar o recoñecemento, expresión e control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e dos demais.

- Desenvolver actitudes de comprensión e empatía.

- Experimentar a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, as nenas

- Aportar estratexias que permitan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía.

- Resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

CC-Competencia cidadá.

- Ofrecer modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia.

- Identificar feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura.

- Fomentar un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais.

- Promover a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas nas súas prácticas cotiás.

- Sentar as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

CE-Competencia emprendedora.

- Estimular a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres e os proxectos cooperativos.

- Potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas.

- Fomentar a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

- Fomentar a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas.

- Axudar ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

No anexo I do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínense o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico e

as competencias clave da etapa, que, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

O currículo que establece o decreto garante o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o devandito perfil de saída.

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta na que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego. O perfil identifica e define as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolven ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

Concíbese, polo tanto, como o elemento que debe fundamentar as decisións curriculares, así como as estratexias, as orientacións metodolóxicas e a promoción.

Competencias clave que se deben adquirir

As competencias clave que se recollen no perfil de saída son a adaptación ao sistema educativo galego das competencias clave establecidas na citada Recomendación do Consello da Unión Europea. Esta adaptación responde á necesidade de vincular as devanditas competencias cos retos e desafíos do século XXI, cos principios e fins do sistema educativo establecidos na LOE e co contexto escolar, xa que a Recomendación se refire á aprendizaxe permanente que debe producirse ao longo de toda a vida, mentres que o perfil remite a un momento preciso e limitado do desenvolvemento persoal, social e formativo do alumnado: a etapa do ensino básico.

Dado que a transversalidade é inherente ao perfil de saída, o desenvolvemento das distintas competencias basearase nela, desaparecendo calquera xerarquía entre elas.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

- A linguaxe é un aspecto primordial da socialización e do aproveitamento da experiencia educativa.
- Implica chegar a entender a diversidade da linguaxe, cos seus diferentes estilos e rexistros.
- Tamén son fundamentais a capacidade de expresarse oralmente e por escrito de maneira apropiada e axustada ao contexto, a habilidade de comprender textos complexos e o desenvolvemento da predisposición a un diálogo crítico e constructivo sendo conscientes do efecto que ten a linguaxe sobre os demais.
- A nivel oral, o alumnado desenvolverá a capacidade de expresarse correctamente, de comprender mensaxes do seu entorno e dos medios de comunicación social e de participar activamente en intercambios comunicativos respectando as normas que os rexen.
- A nivel escrito comprenderá e analizará textos en distinto soporte e formato (páxinas web, prensa, obras literarias, textos informativos, argumentativos, narrativos...) identificando a información principal e secundaria, realizando inferencias, definindo a intención do autor/a e sendo quen de aprender coñecementos e aplicalos funcionalmente. Tamén, serán capaces de producir con corrección textos escritos con distinta finalidade en distintos soportes e formatos.
- A nivel lector o alumnado desenvolverá un interés e un gusto pola lectura tanto de tipo informativo como de ficción que lle permitirá relacionarse cos demais e seguir aprendendo ao longo de toda a súa vida.

COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP)

- Empregar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación.
- Recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais.
- Integrar dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA. (STEM)

- Implica a comprensión do mundo a través do método científico, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía asemade os métodos da enxeñería. Trátase ademais de transformar a contorna de xeito comprometido, responsable e sustentable.
- Supón unha ponte interdisciplinaria con identidade propia que valora o compromiso coas tecnoloxías unido a unha reflexión crítica sobre o seu servizo e impacto sobre as diversas culturas e comunidades do noso planeta.

COMPETENCIA DIXITAL. (CD)

- Implica un uso saudable, responsable e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe e a participación na sociedade.
- Fomentar no alumnado a importancia dun uso responsable, crítico e seguro no tratamento da información reflexado

no alumnado do 3º ciclo e o seu traballo cos equipos informáticos dentro do programa EDIXGAL. As formacións neste eido veñen encamiñadas a garantir a privacidade do alumnado a través de internet e alertar dos perigos que pode conlevar un mal uso dos contidos que se poden atopar en Internet.

- Promocionar o emprego de sistemas de comunicación como Abalar móbil para garantir unha comunicación fluída familia escola. Non podemos desbotar outros sistemas de comunicación como a actualización constante da Páxina Web como lugar de referencia para alumnado e familias ou o emprego da aula virtual como repositorio de documentos para o profesorado.

- Participar na creación de contidos dixitais a través das diferentes plataformas virtuais de Moodle (EDIXGAL ou a propia aula virtual do centro) rompendo coa metodoloxía tradicional e dando un paso importante na apertura cara novas formas de traballo nas que as novas tecnoloxías teñen un papel fundamental.

COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER. (CPSAA)

- Implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante.

- Inclúe tamén a capacidade de adaptarse aos cambios, expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio. xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

COMPETENCIA CIDADÁ. (CC)

- Contribuír a que o alumnado poida vivir plenamente na sociedade dun xeito responsable, participando dela desde a comprensión de certas estruturas (xurídicas, políticas, sociais...) e dos acontecementos a nivel mundial que poidan cambiar o desenvolvemento da súa vida cotiá.

- Formar en valores pola que apostamos desde os primeiros cursos da etapa escolar: a aceptación e a comprensión de normas como elemento fundamental para o desenvolvemento da sociedade, a tolerancia e o respecto cara a diferentes culturas e etnias moi presentes no noso centro e a comprensión da organización política e social, tanto galega como española, como elemento importante para coñecer a o desenvolvemento da cidadanía.

Poñemos, así mesmo, todas as medidas necesarias para paliar e solventar unha realidade moi presente no noso centro como é o absentismo escolar. Resulta fundamental que as familias comprendan que para que o alumnado poida ser coñecedor de todos eses aspectos que contribúen á creación dun cidadán completo é importantísimo participar da vida do centro educativo coa presenza dun xeito continuo durante o horario lectivo.

COMPETENCIA EMPREENDEDORA. (CE)

Dende o noso Centro, dada a importancia que ten o entorno e o seu desenvolvemento no día a día do noso alumnado e da sociedade na que teñen que vivir e aprender a convivir, formulamos os seguintes puntos de traballo para desenvolver entre a nosa comunidade educativa un espírito verdadeiramente emprendedor e activador da contorna e unha conciencia emprendedora:

- Activar no alumnado e nas familias unha mirada atenta e unha actitude responsable cara á contorna para descubrir nela oportunidades e deficiencias ante as que actuar comunitariamente de maneira positiva fomentando a importancia do esforzo individual e colectivo para melloralas.

- Valorar a diversidade que nos rodea, tanto dentro como fóra do centro, como riqueza e achega positiva cara a unha educación no respecto, na inculturalización, e nunha formación máis integral do noso alumnado baseada no respecto ó diferente.

- Aprender a valorar todo o que hai de positivo no outro e a grandeza que nos aporta a cada un.

- Aportar o noso alumnado estratexias para un bo diálogo, análise crítico da realidade, capacidade para recoñecer erros e modificar condutas.

- Espertar no alumnado o gusto por axudar a conservar e mellorar a contorna, ben común; a crear espazos accesibles para todos, respectar o que temos e soñar que é posible, entre todos, crear unha contorna mellor.

- Planificar actividades de melloras na contorna en coordinación co Concello, ANPA, e centros escolares próximos.

- Crear, aportar e sumarnos a proxectos e iniciativas medioambientais como construción de futuro.

- Fomentar espazos para a imaxinación, reflexión crítica e construtiva, soñar cun barrio que podemos cambiar e mellorar coa nosa actuación.

- Despertar o riqueza dos nosos maiores y planificar actividades conxuntas.

- Fomentar entre o alumnado ideas como: Todos somos importantes, as diferenzas fainos máis ricos, traballar polo todos xuntos, aprender dos que son distintos valorar as diferenzas.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI. (CCEC)

- Recoñecer e apreciar os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.

- Recoñecer e interesarse polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturas máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.

- Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e

desenvolvendo as súas capacidades afectivas.

- Experimentar de forma creativa con diferentes medios, soportes e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa da educación infantil trataranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 7, 8 e 9 do artigo 15 do Decreto 150/2022 do 8 de setembro.

- Artigo 15. Principios pedagóxicos

7. Nos dous ciclos desta etapa, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

8. Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomenten uns hábitos saudables.

9. Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Estarán presentes de maneira transversal, facendo un tratamento da educación en valores de xeito globalizado, traballando en todo tipo de situacións cotiás da vida na escola os seguintes aspectos:

- Coeducación.
- Igualdade.
- Educación para a saúde e para o consumo responsable.
- Educación para a paz e o desenvolvemento socio-afectivo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Os elementos transversais do currículo presentan un grupo amplo de aspectos que a sociedade e as persoas deben comprender e tratar de dar solución. Coñecelos e observalos, axudaranos a atoparlle unha posible solución .

• Serán obxecto de traballo en todas as áreas e etapas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.

• Promoverase dende todas as áreas: a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, para o consumo responsable e para un desenvolvemento sostible, ademais dunha educación para a saúde, que incluírá a afectivo-sexual.

• Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

• Promoverase a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, así como a prevención calquera tipo de violencia e do terrorismo. Potenciaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, a pluralidade, o respecto polos dereitos humanos e o Estado de dereito, o rexeitamento da violencia terrorista e o respecto e consideración ás vítimas.

• Rexeitarase todo tipo de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como todo aquilo que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

• Participarase en actividades que permitan ó alumnado afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

EDUCACIÓN INFANTIL

• A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

• A dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na

experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.

- Para estes efectos, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e entre etapas.

- Fomentar o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia.

- Favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical.

- Fomentar unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil.

- Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

- Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

- Incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

- Favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Entendendo a metodoloxía como as liñas de actuación no proceso de ensino aprendizaxe, sinalamos como prioritarias as seguintes liñas:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, potenciando as súas habilidades máis destacables e facendo fincapé na atención á diversidade e individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e ampliación.

- A realización de proxectos significativos e de actualidade partindo dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno máis próximo, así como dos seus centros de interese, o que fomentará a súa curiosidade e motivación pola aprendizaxe.

- Organización de actividades que partan da observación e experimentación e que axuden a coñecer os fenómenos naturais da vida cotiá e a comprensión dos cambios da contorna causados pola actividade humana. Porase en práctica o método científico a través de diversas investigacións e traballos, desenvolvendo así unha actitude de rigor e pensamento crítico ante fenómenos que suceden na súa contorna.

- O desenvolvemento de habilidades para traballar de forma cooperativa e colaborativa facilitará a propia aprendizaxe, compartíndoa e favorecendo a inclusión de todo o alumnado. Reforzará a autoestima, o espírito crítico, a reflexión e a responsabilidade, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo e o emprendemento.

- Contidos traballados arredor da realización de tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, novas tecnoloxías, consumo?) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades que se presenten.

- Emprego da biblioteca escolar como fonte de aprendizaxe e de recursos o que permite o uso de metodoloxías que partan dun enfoque globalizador e interdisciplinar baseado nunha aprendizaxe competencial conectando contidos e abordando así os diferentes elementos transversais.

- O desenvolvemento de actitudes positivas respecto ao benestar persoal, social e físico, así como da capacidade de respectar a diversidade. Potenciaranse actividades que axuden a descubrir e tomar consciencia da necesidade de coidar o propio corpo, recoñecendo aqueles factores que prexudican a nosa saúde física e mental e incidindo nos hábitos saudables.

- Integración das tecnoloxías dixitais e as contornas virtuais de aprendizaxe no proceso formativo do alumnado facendo un uso seguro, crítico e responsable xa dende idades temperás.

- Elaboración de tarefas nas que teñan que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas a situacións presentadas fomentando a creatividade e o emprego de información seleccionada de xeito eficiente nas diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

- O uso de distintos procedementos e instrumentos variados (rúbricas, rexistros anecdóticos, listas de cotexo,

organizadores gráficos, portafolios, dianas de avaliación, probas orais, claves dicotómicas), que permitirá unha avaliación obxectiva da totalidade do alumnado.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

EDUCACIÓN INFANTIL

- Os materiais e recursos están pensados para desenvolver as capacidades e habilidades do alumnado.
- No espazo exterior do centro: a horta, as árbores da zona de xogos, os elementos naturais como pedriñas, etc., os elementos de xogo como tobogán, bambán, etc. teñen unha importancia fundamental na vida escolar.
- No patio interior: material diverso de psicomotricidade e elementos de xogo motórico para uso diario.
- Nas aulas: material funxible, elementos naturais, construcións, xogos de mesa, material lóxico-matemático, elementos para xogo simbólico, biblioteca de aula cunha selección variada de libros, contos, revistas e outros fondos da biblioteca do centro, material audiovisual (ordenador, pizarra dixital, etc) Todos son recursos imprescindibles para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe con normalidade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Para os Libros de Texto:

- Encádranse con coherencia no Proxecto Educativo.
- Cubren os obxectivos do currículo.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos e son adecuados ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe.
- Presentan actividades de reforzo e de ampliación.
- A progresión é adecuada.
- A cantidade de actividades é suficiente (nin pobre nin excesiva).
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
- Contribúen ao desenvolvemento das Competencias clave.

Outros materiais e recursos impresos:

- Parten dos coñecementos previos dos alumnos.
- Aseguran a realización de aprendizaxes significativas.
- Espertan a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- Potencian o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Permiten a atención á diversidade.

Materiais Manipulativos:

- Están adaptados ás Normas de Seguridade Europeas.
- As reproducións axústanse a modelos reais.
- Integran aspectos lúdicos e educativos.

Materiais Audiovisuais e Tecnolóxicos:

- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe e a imaxe están adaptados ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ás aprendizaxes.
- Son seguros e avalados polo Plan de dixitalización da Consellería.

Ademais do anteriormente exposto, á hora de elixir os materiais dirixidos ao alumnado tamén deben terse en conta estes criterios:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso comunitario dos mesmos.
- Que non degraden o medio ambiente.

- Empregar materiais de baixo custo para crear hábitos de aforro.
- Que sexan apropiados aos alumnos que van dirixidos.
- Resistente e duradeiro.
- Atractivos e atraíntes.
- Favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

É importante diferenciar os que son de uso do profesorado e os que o son do alumnado. Os primeiros deben servir para orientar o proceso de planificación do ensino.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Os criterios para asignar optativas e itinerarios terán en conta en todo momento a normativa vixente en canto á configuración, materias obrigatorias a ofertar, atención á diversidade e número mínimo de alumnos.

Os itinerarios responderán, por un lado, ás necesidades formativas da seguinte etapa educativa e por outro lado, tenderán a ofrecer ó alumnado unha formación básica.

OFERTA EDUCATIVA:

- E. Infantil
- E. Primaria
 - Seccións bilingües en 5º e 6º de E. Primaria nas áreas de E. Artística (Plástica) e Relixión (en suspenso temporal).

- Materias de libre configuración

- Reforzar as carencias detectadas do curso anterior.
- Situación sociolingüística.
- Alumnado estranxeiro.
- Etnias.
- Línguas (expresión oral, escrita e comprensión lectora)
- Matemáticas (cálculo e resolución e problemas)

OPTATIVIDADE

- Relixión Católica/Relixión Evanxélica ou Proxecto Competencial

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

• A igualdade de oportunidades entre o alumnado, tanto no aspecto económico como na participación, tendo especialmente en conta neste último caso ó alumnado con necesidades educativas especiais.

- Estar relacionadas co currículo do curso ou etapa educativa.
- Coherentes coas programacións de xeito que colaboren tanto na ampliación e profundización, como na contextualización dos contidos do curso.,
 - Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
 - Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
 - Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
 - Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.
 - Experiencias interesantes dende o punto de visto da diversidade e multiculturalidade que nos caracteriza ás sociedades democráticas.
 - Axuden a profundizar o coñecemento do alumnado sobre a súa contorna máis inmediata.
 - Favorezan o desenvolvemento competencial e os elementos transversais
 - Aproveitarase a oferta de actividades culturais e didácticas para complementar a formación do alumnado e cumprir coa función compensatoria que debe ter a escola.
 - Distribuiranse ao longo do curso escolar de xeito que teñan unha presenza equilibrada.
 - As actividades terán carácter inclusivo favorecendo a participación de todo o alumnado.
 - Coidarase especialmente a organización dos recursos humanos do centro neste tipo de actividades para que todo o alumnado teña o apoio que precisa.
 - Favoreceranse actividades que axuden na conexión e coñecemento entre Infantil e Primaria como poden ser as

sesión de lecturas compartidas organizadas desde a biblioteca escolar.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

- Consulta e análise ao inicio de curso dos informes do/a alumno/a elaborados polo mestre/a titor/a e especialistas que traballaron con el/ela o curso anterior. Tamén informes que constan no seu expediente e no Departamento de Orientación.
- Levar a cabo unha avaliación inicial, para coñecer o nivel de competencia curricular do/a alumno/a (identificar os contidos que ten adquiridos para poder partir deles) e identificación de necesidades.
- Plan de traballo que abarque os obxectivos e contidos básicos a traballar (aqueles esenciais que permitan ao alumnado avanzar no seu proceso de ensino-aprendizaxe).
- Ademais, no plan de traballo constará: competencias clave, actividades, orientacións metodolóxicas, recursos (humanos e materiais), temporalización e avaliación (criterios, instrumentos e avaliación de competencias clave).
- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos mediante:
 - A adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
 - Reforzar a autoestima persoal.
 - Propoñer tarefas que faciliten a aprendizaxe constructiva do alumnado.
 - Colaboración e orientación dos Mestres especialistas do Departamento de Orientación do centro.
- Atención individualizada para o alumno/a, para o desenvolvemento do plan, por parte do profesorado especialista do Departamento de Orientación ou, de non ser posible, profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.
 - Pedir a colaboración da familia para que apoién dende a casa o desenvolvemento do plan, así como informala dos avances do neno/a.
 - Seguimento do/a alumno/a, baseado no proceso continuo de aprendizaxe, en cada un dos trimestres.
 - Favorecer o desenvolvemento integral do alumno, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria.
 - Prever as dificultades de aprendizaxe do alumnado de nova incorporación ao centro, favorecendo a coordinación entre os distintos profesionais, a avaliación inicial e medidas para a adaptación ao centro.
 - Favorecer a comunicación e coordinación coas familias e servizos externos ao centro.
 - Informar ás familias dos aspectos máis relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe do/a seu/súa fillo/a. Intercambio de información familia-profesorado. Cada mestre/a establecerá o marco, frecuencia e soporte máis idóneo. Establécese como criterio xeral que o contacto mestre/a-familia teña como periodicidade mínima unha vez ao trimestre.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

- Consulta e análise ao inicio de curso dos informes do/a alumno/a existentes no seu expediente o no Departamento de Orientación, elaborados polo mestre/a titor/a, mestres/as de área e orientación (avaliacións psicopedagóxicas, informes de seguimento, informes do profesorado de PT e AL...) do curso anterior.
- Levar a cabo unha avaliación inicial, para coñecer o nivel de competencia curricular do/a alumno/a (identificar os contidos que ten adquiridos para poder partir deles) e identificación de dificultades e necesidades que presenta.
- Plan de traballo adaptado as necesidades que presenta o alumno/a para axudarlle a avanzar no seu proceso de ensino-aprendizaxe, constando de: obxectivos, competencias clave, contidos, actividades, orientacións metodolóxicas, recursos (humanos e materiais), temporalización e avaliación (criterios, instrumentos e avaliación de competencias clave).
- Atención individualizada para o alumno/a, para o desenvolvemento do plan, por parte do profesorado especialista do Departamento de Orientación ou, de non ser posible, profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.
 - Seguimento do/a alumno/a: rexistro continuado e reunión trimestral dos docentes implicados no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Informar periodicamente ás familias dos aspectos máis relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe do/a

seu/súa fillo/a. Intercambio de información familia-profesorado.

- Adquirir os contidos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias básicas nas áreas das Linguas e de Matemáticas.
- Ser realistas á hora de crear e proponden situación de ensino-aprendizaxe e actividades e o que o alumno/a pode lograr.
- Colaboración e orientación dos Mestres especialistas do Departamento de Orientación do centro.
- Proposta de elaboración dunha ACS para o alumnado que o precise, previa valoración por parte da xefatura do Departamento de Orientación.
- Pedir a colaboración da familia para que apoiem dende a casa o desenvolvemento do plan, así como informala dos avances do alumno/a.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios de avaliación e promoción Educación Infantil

Aqueles criterios recollidos no Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Son os referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.

En Educación Infantil promociónase, por regra xeral, todo o alumnado, agás que se leve a cabo unha medida de flexibilización para alumnado con necesidades educativas especiais do período de escolarización.

Criterios de avaliación e promoción Educación Primaria

Segundo o disposto na Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción descritos a continuación, e tomando especialmente consideración a información e criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Por regra xeral, o alumnado promocionará con ata 3 áreas con cualificación negativa sempre que non sexan Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá á vez; agás que o equipo docente considere que acadou o desenvolvemento da maioría das competencias básicas, e que circunstancias como a actitude positiva, o esforzo, o apoio familiar ou a integración no grupo leven ao equipo docente a flexibilizar estes criterios e decidir xustificadamente a promoción do/a alumno/a.

Como criterio xeral, procurarase que a permanencia un ano máis no mesmo curso, de ser necesaria, se leve a cabo no primeiro ciclo da E. Primaria, ao remate do segundo curso.

Non promocionará ao nivel/etapa seguinte o/a alumno/a que non acadou avaliación positiva nos seguintes casos:

- Nas tres áreas de: Matemáticas, Lingua castelá e Lingua galega conxuntamente.
- En catro ou máis materias.

Nos casos anteriores, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:

- 1) Aspectos emocionais e relacionais.
- 2) Evolución do alumno/a.
- 3) Informe do titor/a.
- 4) Informe do D.O.

Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa, cada alumno/a disporá dun informe sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas.

A permanencia considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non acadara no curso anterior. Estes apoios partirán dun plan específico de reforzo seguindo o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 para que, durante ese curso, a alumno ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

A permanencia no mesmo curso só se poderá adoptar unha vez en toda a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Mención honorífica

Queda derogada a Orde no 9 de xullo de 2016 pola que se regula a promoción e avaliación do alumnado que curso

educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se establecía o criterio para o outorgamento das mencións honoríficas, pola Disposición derogatoria única da Orde o 26 de maio de 2023 (...)

Sesións de avaliación

As sesións de avaliación estarán coordinadas pola persoa titora. Asistirán a ditas sesións, ademais da persoa titora os/as diferentes mestres/as especialistas que imparten clase no grupo, o/a xefe/a do departamento de orientación e o/a xefe/a de estudos.

As reunións de avaliación realizaranse unha por trimestre, nas datas fixadas na PXA. Previamente ás sesións de avaliación cada mestre/a inserirá as notas en XADE para poder elaborar a acta provisional correspondente ao grupo de alumnado.

A xefatura de estudos convocará as sesións de avaliación que presidirá a persoa titora e nas que se:

- Contrastarán as dúbidas en relación coas cualificacións de cada caso.
- Analizarán os casos do alumnado que presenta maiores dificultades de aprendizaxe e proporanse medidas de mellora.
- Tratarán todos aqueles temas que poidan afectar ao desenvolvemento académico e persoal do alumnado e que o equipo docente deba ter en conta para unha mellor atención educativa do mesmo.

A persoa titora levantará acta da sesión, que deberá ser asinada por todos os asistentes.

As actas de avaliación final asinadas pola persoa titora e co visto e prace da dirección serán enviadas á inspección quedando unha copia arquivada na secretaría do centro.

A Avaliación Ordinaria resulta da media aritmética das tres avaliacións correspondentes a cada un dos trimestres.

Avaliación de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Ademais, cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación serán os establecidos na propia adaptación. Por outra banda, cando se trata de alumnado con necesidades educativas especiais, o equipo docente poderá valorar a súa promoción (de curso ou etapa) con independencia das materias nas que non acadara os mínimos esixibles, outorgándolle prioridade ao desenvolvemento xeral do alumno/a.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Mención honorífica

Queda derogada a Orde no 9 de xullo de 2016 pola que se regula a promoción e avaliación do alumnado que curso educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se establecía o criterio para o outorgamento das mencións honoríficas, pola Disposición derogatoria única da Orde o 26 de maio de 2023 (...)

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A través das programacións didácticas de cada unha das áreas ou materias, desenvolveranse os currículos das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Ditas programacións didácticas rexiranse polas decisións e criterios establecidos nesta contreción curricular, e tendo en conta o disposto nos diferentes regulamentos orgánicos.

A partir do curso académico 23/24, todos os cursos elaborarán as programacións a través da plataforma PROENS.

DECISIONS E CRITERIOS:

- O profesorado de cada nivel coordinarase para a realización da programación. O profesorado de apoio participará no desempeño desta tarefa realizando a parte correspondente.
- Terase en conta as características de cada grupo e os recursos do entor máis próximo na elaboración do documento.

- Contemplarase os diferentes proxectos de centro para incluílos, de ser o caso, nas programacións.

- Publicitar as programacións de cada curso na Aula Virtual ou Edixgal, segundo corresponda.

- Realizarase un seguemento trimestral modificando, engadindo ou eliminando os aspectos que se consideren.

O modelo establecido na plataforma PROENS será o de referencia á hora de realizar as programacións didácticas, tal e como recolle o marco lexislativo curricular, que establece que as programacións didácticas inquirán como mínimo os seguintes aspectos:

A) Introducción.

B) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

C) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, con súa secuenciación e temporalización.

D) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recurso didácticos.

E) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

F) Medidas de atención á diversidade.

G) Transversalidade.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

H) Práctica docente.

- Procedemento para a valiar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- -Na información que se traslade ás familias aparecerán os seguintes puntos:

- 1.Introdución

- 2.Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

- 3.1.Relación de unidades didácticas

- 3.2.Distribución do currículo nas unidades didácticas

- 3.3.Avaliación das unidades didácticas

- 4.1.Concrecións metodolóxicas

- 4.2.Materiais e recursos didácticos

- 7.2.Actividades complementarias

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

- Seleccionar propostas que se adecúen á realidade do centro e ao seu contexto: favorecer o desenvolvemento do alumnado atendendo as súas necesidades e características.
 - Previo á inscrición, ter en conta e asegurarse que se cumpren os seguintes requisitos: espazo, recursos persoais, recursos materiais e tempo.
 - Dar continuidade ao proxectos, plan e programas que xa están implementados no centro.
 - Informar ao Claustro de Profesorado e Consello Escolar da selección e participación en proxectos, plans e programas; determinadas convocatorias esixen a aprobación dunha porcentaxe do Claustro.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

- Revisión: na memoria final, ao remate de cada curso académico ou cando as circunstancias ou a normativa en materia educativa o xustifique.
- Avaliación; ao final de cada curso académico, na memoria final, valorando o grao de adaptación das decisións curriculares adoptadas ás características e necesidades do alumnado e do centro e acorde á lexislación educativa vixente.
- Modificación: Ao comezo de cada curso, xunto coa aprobacción da PXA e alegacións/modificacións das NOFC en claustro ou cando o cambio na normativa en materia educativa o xustifique.

o) Outros apartados

1. --
